

1.

Azul
corpo a corpo
da vida
sen vida azulmente
amada
Mar sen unha nube
Azuis
a tarde exala
azuis
as aguas si azul
o ceo

2.

Area
sin cesar renace
area
se acumula multiple
ven
de tantos corpos
Area
palavra infinita
Mineral
sangue do grande rio
só ti sabes
de onde ves porqué
como.

CESAREO SANCHEZ IGLESIAS
(Dadín, O Irixo, 1951). Mora na Coruña
Arquitecto técnico, animador cultural e
de medios de comunicación.
Poesía: Silencios e conversas de
inverno, Antonte das salamántigas, O
cántigo da fonte. A saír: Mar do fin
da terra.